

**Centro Informático de Xestión
Tributaria, Económico-
Financeira e Contable**



**ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS
2007**

**CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN
TRIBUTARIA ECONOMICO-FINANCEIRA E
CONTABLE**

1.- MEMORIA DE ACTIVIDADE



CIXTEC

MEMORIA DE ACTIVIDADE

O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable, Ente Público creado pola Lei 2/98, ten como principal obxectivo prestar diferentes servizos nas áreas de informática ós Servizos Centrais da Consellería de Economía e Facenda, ás Intervencións Delegadas, ás Delegacións Territoriais, ás Áreas de Recadación, ós corenta e dous Rexistros da Propiedade que actúan como Oficinas Liquidadoras da Consellería de Economía e Facenda, e ás distintas Consellerías e Organismos Autónomos en áreas de Contabilidade, Retribucións de Persoal ou Tributarias.

No ano 2006 o Centro Informático levou a cabo diferentes actuacións nas áreas de Sistemas e nos distintos Sistemas de Información.

As actuacións estiveron enmarcadas na posta en produción de novas funcionalidades nos Sistemas de Información das distintas Oficinas Virtuais, no Sistema de Información Orzamentario e Contable, no Sistema de Información de Perceptores e no Sistema de Información Tributaria. As actuacións levadas a cabo na área de Sistemas estiveron orientadas principalmente ás renovacións de equipos, ampliación dos Sistemas de discos magnéticos centrais no clúster xeográfico e instalación de novas liñas de comunicacións estendendo, como actuación principal, o anel de fibra óptica a gigabit ó Instituto Galego de Estatística integrándose na rede da Consellería de Economía e Facenda con esta tecnoloxía ó igual que ACEOUSA prestándolle todos os servizos de internet, correo, e servizos web.

Nas áreas de Microinformática e internet desenvolvéronse novas aplicacións tales como o redeseño da páxina web da Consellería de Economía e Facenda incluíndolle novos contidos, púxose en produción unha nova aplicación de Taxas e Prezos Públicos, rematarase unha nova Oficina Virtual



relativa ó Portal de Entidades Financeiras que permitirá ós cidadáns e Entidades Financeiras o envío de expedientes e información á Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro a través da páxina web da Consellería de Economía e Facenda e, ó longo do derradeiro trimestre, porase en produción unha nova aplicación de catastro que facilitará ademais da xestión, novas relacións de bens/propietarios, información de varios exercicios, situación xeográfica incorporando un interface gráfico así como o intercambio máis dinámico entre a Comunidade Autónoma e o Estado.

Os Sistemas de Información corporativos, que son competencia da Consellería de Economía e Facenda, son utilizados a día de hoxe, por 3.906 usuarios en tempo real tendo unha importante carga transaccional na Rede de Comunicacions nos equipos que dan soporte a aplicacións informáticas relativas a bases de datos estatísticos ou de información orientada a cadros de mando para a Dirección, e nos equipos servidores de datos do clúster xeográfico, no que está incluído o centro de respaldo.

Nos Sistemas de Información cuxo desenvolvemento, mantemento e explotación son responsabilidade do Cixtec levándose a cabo numerosas implantacións de novas funcionalidades ó longo do ano 2006 e que engloban fundamentalmente o Sistema de Xestión Tributaria, o Sistema Orzamentario e Contable e o Sistema de Nómina da Xunta de Galicia.

Ó longo do ano 2006 simplificáronse os procedementos actuais de notificación para reducir os tempos empregados nas notificacións e os custos, estandarizando os modelos de impresos, e utilizando as novas tecnoloxías para dar un servizo máis efectivo e áxil ó contribuínte.

Nunha segunda fase, actualmente xa en desenvolvemento, elaborárase un procedemento estándar que permitirá a utilización xeneralizada do mesmo para calquera tipo de notificación.

Crearase un modelo unificado de documento que inclúa distintas estruturas fixas ou variables que reflectan a totalidade dos actos administrativos



necesarios para realizar calquera tipo de notificación, posibilitando a integración de disposicións legais que poidan ser alteradas cos cambios na lexislación sen necesidade de cambiar o procedemento deseñado.

Substitúese a firma manual pola firma dixital en todos os departamentos involucrados na obtención de documentos necesarios para a confección dunha valoración e notificación, que conformará un único documento de impresión conxunta local ou remota.

Con relación ó sistema actual de tratamento dos ingresos centralizouse o procedemento de recepción de ingresos de entidades colaboradoras axilizando o seu posterior traspaso ás contas operativas.

Suprimíuse o servizo de caixa das delegacións que pasaron a funcionar como Entidades Colaboradoras, definindo os novos modelos de ingreso necesarios para posibilitar a supresión do dito servizo podéndose realizar calquera tipo de ingreso a través da rede de entidades colaboradoras da Xunta, habilitándose un sistema para a realización de pagos a liquidacións notificadas a través da Oficina Virtual Tributaria.

Implementouse un sistema de conciliación automática dos ingresos e aprazamentos coas autoliquidacións presentadas e as liquidacións notificadas, facilitando o envío de requirimentos ou o paso a executiva das débedas non conciliadas.

Levouse a cabo unha remodelación da presentación de declaracións nas Delegacións Territoriais, para poder admitir as autoliquidacións cuxo pagamento se realizará en Entidades Colaboradoras, contemplándose a posibilidade da gravación completa das mesmas, dende calquera punto de atención ó contribuínte, con independencia do imposto. Posibilitouse a xestión integral dos mesmos, coa introdución das solicitudes de aprazamento, para aquelas liquidacións que se presenten co pagamento parcial das mesmas. Xeración de requirimentos no momento da presentación para o caso da non presentación da totalidade da documentación necesaria. Obtención de selos

para os documentos orixinais así como a xeración de carpetas para dar contido a toda a documentación presentada.

Desenvolvéronse as utilidades necesarias para centralizar os ingresos de Entidades colaboradoras en caixa 1 (Servizos Centrais da Xunta) modificándose o tratamento da carga de Taxas en Xumco2 o que permitirá á Tesourería da Xunta dispor dos fondos correspondentes ós ingresos por entidades colaboradoras antes de que se apliquen en cada unha das contas correspondentes.

Modificáronse as transaccións correspondentes para facilitar a captura da información necesaria para a súa remisión o Rexistro Público de Contratos simultaneamente ós datos dos documentos contables.

Púxose en explotación o Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións podendo introducir dende os Órganos Xestores os datos relativos ós rexistros públicos establecidos nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005 de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Decreto 132/2006 e a Orde de desenvolvemento correspondente. Tamén se puxo en explotación as transaccións que permiten as consultas públicas a través da Oficina Virtual da Consellería de Economía e Facenda.

Creouse un rexistro informático centralizado para os Contratos das Administracións Públicas de Galicia integrado no Sistema de Información Contable Xumco2, tanto para aquelas administracións cuxa contabilidade reside en Xumco2 como aquelas cuxa contabilidade non está integrada neste sistema contable. Este novo módulo proporciona:

- Un único interface que permita capturar a información de todos os tipos distintos de contratos existentes e que se adaptará dinamicamente ás especificidades de cada tipo contractual.
- Unha única pantalla común para todos os tipos de contrato que permitirá rexistrar as modificacións dos contratos.

- A posibilidade de realizar consultas masivas no rexistro de contratos segundo diversos criterios como poden ser os relativos á administración contratante, o contratista, datas de formalización do contrato ou ó expediente.
- Listados dos datos do rexistro e ficheiros en formato XML necesarios para o envío de información á Administración Central.

Implementáronse novos códigos de operación contable: DO e DOK: Supuxo unha revisión en profundidade de todo o Sistema de Información Contable, en particular:

- Revisión e adaptación de todos os procedementos de entrada de documentos, por calquera canal de maneira que permitan a captura dos novos tipos de operación levando a cabo todas as validacións pertinentes segundo a fase ou fases de gasto e agrupación contable relacionadas.
- Deseño e impresión dos formularios de documento contable específicos para estes códigos de operación.
- Revisión e adaptación dos procesos de precontabilización, desprecontabilización e contabilización dos documentos contables.
- Revisión e adaptación dos procesos de pago para que contemplan o novo caso de propostas de pago DOK.
- Automatizáronse determinadas comprobacións e cadres das certificacións dos Modelos 111 e 190. Elaboráronse o Modelo190 de Xunta, Consello de Contas e Consello da Cultura Galega.

Na área de Sistemas durante o ano 2006 procederase á instalación dunha pasarela SMS que permitirá enviar mensaxes curtas a teléfonos móbiles. Isto realizarase mediante unha plataforma que facilite o envío de mensaxes de forma masiva en tempo real e dispoña dun mecanismo de comunicación coas aplicacións da Consellería de Economía e Facenda que simplifique o envío de



información de forma automática. Esta flexibilidade fará que coa súa utilización se poidan crear os máis avanzados e innovadores servizos de envío e recepción de información mediante tecnoloxía móbil, todo elo moi rapidamente. Desta forma poderanse enviar mensaxes e notificacións ós cidadáns e traballadores da Xunta de Galicia así como recibilos e tratalos automaticamente, coas vantaxes de maior rapidez nas notificacións e posibilidade de recepción de mensaxes polos cidadáns.

Relativos á xestión de persoal puxéronse en produción os procedementos informáticos para facilitar o intercambio de información dos OO.AA. coas distintas mutualidades especialmente con MUFACE.

Desenvolvéronse os procedementos para facilitar ós habilitados o acceso á información dos partes enviados ó CIXTEC polas distintas Intervencións. Control automatizado dos procedementos administrativos relativos ó fluxo de reintegros nas habilitacións producidos por diferenza na percepción de días nos importes por perceptor.

Adaptáronse as distintas cotizacións e seus ingresos correspondentes para o distinto tipo de persoal polo incremento da paga extra do 80 ou 100%.

Redeseño das retribucións e adaptación da base de datos producido debido á homologación de niveis do persoal das Delegacións das distintas Consellerías e OO.AA. ós niveis do persoal de Servizos Centrais.

Posta a disposición das habilitacións e Intervención de novas estatísticas e relacións dos partes relativos á confección mensual da Nómina.

Cálculo, homologación e integración do persoal transferido do ISM.

O Cixtec ó longo do ano 2007 ten previsto levar a cabo diferentes actuacións encadradas en novos desenvolvementos informáticos, mantemento evolutivo dos Sistemas de Información actualmente existentes, instalación e conexión do IGAPE mediante fibra óptica á rede da Consellería de Economía e



Facenda, desenvolvementos nas áreas de Sistemas e Microinformática e adquisición de licencia de Software e equipos informáticos.

O importante incremento de usuarios en tempo real que usan os Sistemas de Información da Consellería de Economía e Facenda, e polo tanto obteñen gran cantidade de informes, fai preciso redeseñar o actual Sistema de Impresión.

Este sistema é o que proporciona as ferramentas necesarias para que as aplicacións que traballan nos servidores do Cixtec poidan emitir documentos debidamente formateados para a súa impresión e/ou lectura. Mediante el, conséguese tamén canalizar por unhas canles comúns a enorme variedade de impresos que poden producir as distintas aplicacións, proporcionando ós programadores un protocolo común para confeccionar formularios e dar saída impresa ós datos incardinados cos formularios; ós departamentos de Sistemas e Explotación as ferramentas de instalación, configuración e monitorización de todo o sistema; e ós usuarios finais, os documentos que solicitan en formato electrónico apto para a súa impresión, consulta en liña ou almacenamento segundo lles sexa necesario.

Débese afrontar o redeseño dos módulos que configuran o actual sistema de impresión, que se desenvolveron no seu momento como programas de escritorio, converténdooos en servizos que traballen en background, máis robustos e eficientes, para poder ser executados en máquinas cluster.

Os seguintes módulos formarán parte do Sistema de Impresión:

GENER: Captura información na saída das aplicacións transformándoa nunha fonte de datos para a súa combinación cos formularios deseñados.

DISTRIBUIDOR: Recolle a saída do módulo anterior e distribúea entre os distintos servizos de combinación que poida haber activos tendo en conta distintos parámetros, como tamaño dos documentos, prioridades, carga da cola, etc.



MERGE: Este é o servizo de combinación que mestura o ficheiro de datos co formulario e proporciona o documento final.

MONITOR DO SISTEMA DE IMPRESIÓN: Proporciona a información dos distintos módulos que se están executando como servizos e proporciona ó operador unha interface gráfica para toda a operativa do sistema: iniciar e deter servizos, cambiar parámetros de configuración, ver o estado dos traballos, balancear cargas, monitorización xeral do sistema.

DESPACHADOR/CLIENTE CIXTEC: Todos os usuarios que se conectan ás aplicacións que proporciona o CIXTEC necesitan dunha interface para identificación, acceso ás aplicacións e transferencia dos informes que soliciten ata o seu posto de traballo.

Debido ó incremento no número de clientes (estacións de traballo) que se produciu, así como a actualización dos sistemas nos servidores a Windows 2003 Server, é preciso proceder ó redeseño de todo este sistema, facendo especial fincapé na parte servidora. Esta parte pasará a estar implementada, como servizo controlando a seguridade de acceso mediante mensaxes cifradas entre o posto de traballo e os servidores de aplicacións. Estes servidores permitirán o servizo de ficheiros en ambos sentidos, e documentos dende o servidor ó cliente.

Incorporarase unha interface gráfica para toda a operativa do sistema que permitirá iniciar e deter servizos, cambiar parámetros de configuración, ver o estado das conexións, colas de documentos a enviar e monitorización xeral do sistema.

Incorporaranse o IGAPE e XESGALICIA á rede con transporte de fibra óptica mantendo os dominios de Internet e correo electrónico integrados na rede da Consellería de Economía e Facenda.

No ámbito da Xestión Tributaria iniciarase o desenvolvemento dos módulos seguintes:



Segundo e sucesivos trámites de audiencia.

Ata a data só se consideraba unha soa notificación do trámite de audiencia ó interesado dunha liquidación. Coa posta en funcionamento deste módulo é posible realizar o número de notificacións do trámite de audiencia que sexa necesario.

Ó mesmo tempo, e utilizando o novo sistema de notificacións xa en produción, é posible reimprimir calquera das notificacións de trámites de audiencia xa efectuados. Deste xeito constitúese un arquivo informatizado de todos os trámites de audiencia que puidera ter unha liquidación.

Recursos de rectificación de erros “Reformatio in Peius”.

Admitirá importes maiores ós notificados previamente ó contribuínte na resolución dun recurso de rectificación de erros materiais, supón unha nova utilidade a engadir ó modulo de recursos existente no sistema Xeito.

Para iso é necesario o redeseño da programación que xestiona os diferentes tipos de recursos elaborando un novo contraído polo que afectará á contabilidade do Xeito e Xumco2.



Novo módulo de Xestión do Imposto de Sucesións e consolidación da información en Xeito, en consonancia ó programa “ALIS” (Axuda para a Liquidación do Imposto de Sucesións).

O obxectivo fundamental consiste en redefinir o módulo do Imposto de Sucesións á estrutura de funcionamento do programa de axuda ALIS. Deberase modificar o propio módulo para que a información recollida tanto dende a Oficina Virtual como dende o propio mostrador das Delegacións sexa utilizable e facilmente localizable polo usuario na xestión diaria do imposto.

Pactos de mellora.

Desenvolveranse os procedementos informáticos que permitan incluír en Xeito os Pactos de Mellora, o que suporá a modificación do programa ALIS, a Oficina Virtual e o módulo de Xestión do Imposto de Sucesións. Así mesmo efectuaranse as modificacións oportunas para ter en conta novas modalidades de distribución de débedas, actuacións sobre a base liquidable teórica ou reparto de enxoval.

Documentos Sucesorios.

Incluirase a Xestión dos Documentos Sucesorios dentro das actuacións do módulo do Imposto de Sucesións.

Trátase dun novo tipo de expedientes de aceptación de herdanza con posibilidade de xerar unha transmisión automática ou unha sucesión asociada ó expediente.

Novo Regulamento de Recadación.

Realización dos procedementos necesarios para adecuar o Xeito ós requirimentos do novo Regulamento Xeral de Recadación.

Para poder levar a cabo estes novos procedementos levarase a cabo unha implantación progresiva dos diferentes módulos afectados.

Algúns dos módulos só poderán estar operativos cando se poña en funcionamento o novo Sistema de Información Contable no Xeito. Para estes novos procedementos estableceranse dúas fases (a principios do ano 2007 iniciárase a Fase I).

Modificación na Xestión de Aprazamentos.

Trátase de redeseñar o sistema de xestión de Aprazamentos existente actualmente en Xeito, por un novo sistema que permita mellorar o control dos devanditos aprazamentos e inclúa novas funcionalidades, tendo en conta os cambios reflectidos no novo Regulamento Xeral de Recadación.

Novas funcionalidades a implementar:

- Xestión dos pagos relativos a aprazamentos/fraccionamentos mediante domiciliación bancaria nunha conta do contribuínte suprimindo a notificación de cartas de pago e efectuando os cargos en conta de xeito automático. Isto supón desenvolver un procedemento informático para o intercambio e consolidación desta información coas Entidades Financeiras.
- Automatización dos procesos de cálculo dos xuros de aprazamento cando exista un cambio ó principio do exercicio nas porcentaxes. Isto evitará as notificacións e/ou pagos de aprazamentos con xuros xa calculados segundo as porcentaxes de exercicios anteriores.
- Automatización dos procesos de cálculo dos xuros de aprazamento cando se produce un pago da débeda anterior ó vencemento da mesma.
- Implantar a xestión de recursos presentados polo contribuínte contra os aprazamentos incluíndo os recursos contra a inadmisión a trámite.
- Nova comunicación dos aprazamentos coa Caixa Xeral de Depósitos especialmente das garantías e avales permitindo dende o módulo de Aprazamentos coñecer a existencia dos devanditos avales, a contía e o

estado dos mesmos, así como ordenar a súa devolución ou execución con reflexo na Caixa Xeral de Depósitos.

- Para as débedas en executiva (SCR) teranse en conta os cambios nos procedementos e no cálculo da recarga motivados polo novo Regulamento Xeral de Recadación. Introducirase o novo concepto de Data de Inicio do Período Executivo, ademais de modificar o sistema de comunicación coas zonas de recadación.
- Inclusión da consecuencia de inadmisión a trámite dunha solicitude de aprazamento; notificación da dita inadmisión contra a cal cabe recurso.
- Modificación dos acordos denegatorios incluíndo os novos prazos para o pago do principal da débeda e a liquidación de xuros, entre outras modificacións.
- Permitirase a posibilidade de proposición dun calendario de pagos por parte do contribuínte.
- Incluíranse novas funcionalidades que permitan a presentación de garantías parciais sobre os prazos dun fraccionamento, incluso cando o devandito prazo reflecta varias liquidacións tanto en voluntaria como en executiva.

Fase II de Notificacións.

Nesta fase iranse incorporando de forma paulatina ó novo sistema de notificacións mediante firma dixitalizada e impresión centralizada ó correo externo, todos aqueles procedementos notificadores xestionados directamente dende Xeito, tales como: requirimentos de calquera tipo, acordos de aprazamento/fraccionamento, acordos de compensación de débedas e acordos de resolución de Recursos.

Procederase así mesmo á modificación dos actuais acordos de liquidacións e trámites de audiencia, nos impostos de Transmisións e Doazóns.

Sistema de Información Contable en Xeito, devolución de ingresos indebidos.

Pretende ser un sistema que proporcione ó Xestor toda a información que precise sobre o estado contable dunha débeda ligada directamente coa xestión dos tributos nunha data dada, de forma que todos os movementos sobre unha conta relativa a unha liquidación poidan realizarse no Xeito e só se pasarían ó Sistema de Información Contable os resumos contables diarios.

Este proxecto dividirase en dúas fases ó longo do ano 2007 e 2008.

O novo sistema basearase na implantación dun modelo baseado, con apuntes de valores positivos e negativos, en “contas” que representen as liquidacións, de maneira que todas as actuacións que se realicen durante toda a xestión quedarán reflectidas nas devanditas contas.

Entre os procesos que se verán afectados pola implantación do devandito sistema inclúense os seguintes:

- Os procesos de fiscalización, toma de razón e contraído das autoliquidacións e as débedas notificadas ós contribuíntes.
- A xestión de aprazamentos e fraccionamentos.
- A xestión dos recursos presentados polo contribuínte, retencións, suspensións, etc. que causan un cambio no estado da débeda nun momento determinado.
- A aplicación dos ingresos ás débedas existentes.
- A adecuación dos procesos de contabilidade con cadres dinámicos entre o Sistema de Información Tributaria e o Sistema Orzamentario e Contable.
- A modificación dos procesos de xestión para diferenciar a información que se refire á xestión dos impostos, da información que se refire á xestión das débedas.



Novas funcionalidades da Oficina Virtual Tributaria.

Pago de Liquidacións:

- Desenvolvemento dunha nova pasarela para o pago das liquidacións practicadas pola administración similar á desenvolvida para o pago de autoliquidacións.
- Pago das débedas notificadas ó contribuínte, providencias de embargo, prazos, etc.; contemplando, así mesmo a posibilidade de realizar un pago parcial dunha débeda e incluso pagos que comprendan varias débedas.
- Posibilitar o pago con tarxeta de crédito ou de débito tanto para as liquidacións, autoliquidacións e taxas.

Notificacións:

- Acuse de recibo vía Web mediante firma electrónica e visualización das débedas pendentes por contribuínte.
- Verificación e visualización dos documentos notificados. A implantación do novo sistema de notificacións permitira, a verificación e visualización de todos os documentos xerados polo Sistema de Información Tributaria (Xeito).

Aprazamentos:

- Dende a Oficina Virtual permitirase efectuar solicitudes de aprazamento de débedas contraídas coa administración autonómica e solicitudes de aprazamento no momento de realizar a declaración dos impostos que se poden levar a cabo dende a Oficina Virtual Tributaria.

Outras Funcionalidades:

- Consulta dende a Oficina Virtual Tributaria das débedas contraídas polo contribuínte e o seu pago se se desexa. De igual xeito, enlazarase co

módulo de certificados de débedas para que, unha vez satisfeita a débeda, o contribuínte poida obter un certificado de estar ó corrente coa administración autonómica.

- Pago de taxas utilizando a actual pasarela de pago de liquidacións notificadas pola administración.
- A presentación telemática por parte do contribuínte de solicitudes de compensación de débedas.
- A presentación telemática de solicitudes de devolución de ingresos indebidos.

No Sistema de Información Contable procederáse a levar a cabo análise e desenvolvemento de novos módulos orientados a dotar a este sistema informático de novas funcionalidades adecuado ás últimas tecnoloxías e de poñer ó servizo do cidadán novas áreas de información.

Rexistro de facturas e asociación das facturas ós Documentos Contables.

O Sistema de información Contable Xumco2 disporá dun Rexistro de Facturas cos seguintes obxectivos:

- Rexistrase cada unha das facturas que se presenten na Administración Xeral ou Organismos Autónomos, directamente ou a través das habilitacións. Os documentos contables estarán relacionados coas súas facturas. O rexistro informará das facturas non relacionadas con documentos contabilizados garantizándose un único pago por factura.
- Asociarase unha imaxe -jpg, pdf, etc.- ou unha factura electrónica - XML- a cada factura rexistrada.

Módulo de Financiamento Afectado.

Este módulo de financiamento afectado permitira relacionar os ingresos e gastos da Xunta de Galicia mediante as modalidades de financiamento e por agregación das devanditas modalidades.

Co fin de proporcionar para cada data os totais e os saldos por modalidade de financiamento -e por agregación das devanditas modalidades-, facilitarase á Dirección Xeral de Orzamentos e á Intervención Xeral:

- Subsistema do Módulo de Ingresos que permita o desglose por modalidade de financiamento dos ingresos arqueados.
- Subsistema do Módulo de Gastos que permita a explotación dos datos de gastos por modalidade de financiamento, Programa Operativo, eixes, medidas, categorías, actuacións, operacións, etc.
- Módulo de Financiamento Afectado propiamente dito, que relacione os dous subsistemas anteriores e informe, ó nivel de detalle necesario, de saldos e balances das categorías de ingreso e gasto relevantes para a Xunta.

Módulo de Habilitación.

Proporcionarase unha aplicación informática que permita unha xestión completa e homoxénea para todas as habilitacións da Xunta e OO.AA cuxa contabilidade reside no Sistema de Información Contable Xumco2. Esta solución quedará integrada co resto do sistema contable.

En particular, o sistema deberá adaptarse ás estruturas e procedementos de xestión que ofrece Xumco2 actualmente para o desglose nos seus perceptores finais das operacións contables dende a fase D de execución orzamentaria ata a fase K.

Contemplan os distintos condicionamentos e particularidades que se impón á xestión en función do tipo de pago librado ás habilitacións, isto é, “en firme” e

“a xustificar”. Igualmente ofrecera un tratamento ás habilitacións que opten polo sistema de xestión de Anticipo de Caixa Fixa.

Implementarase un sistema de xestión e control contable dos saldos de crédito con que conta en cada momento unha habilitación nas aplicacións orzamentarias que xestiona, tendo en conta as vinculacións de crédito entre aplicacións que puidesen existir. O sistema rexistrará a situación contable de cada aplicación en tempo real de acordo ás operacións orzamentarias de pago libradas a cada habilitación, ós pagos a perceptores finais que estas realicen, ou a calquera outra operación que sexa susceptible de alterar os saldos dispoñibles da habilitación.

Proporcionarase a cada habilitación a posibilidade de levar unha xestión completa e independente do resto das habilitacións cos datos relevantes dos seus perceptores, libros contables, distintos tipos de pagamento, etc.

Adaptarase e ampliarase a infraestrutura de seguridade de acceso á información que proporciona actualmente Xumco2 para dar cobertura ós requisitos de seguridade que esixe a xestión das habilitacións, en particular, posibilitando que un mesmo perfil de usuario poida acceder a máis dunha habilitación.

Novos servizos a través da Oficina Virtual.

- **Mantemento das cesións de crédito**

As altas, baixas e modificacións das cesións de crédito dunha persoa física ou xurídica respecto ós seus créditos coa Xunta de Galicia ou algún dos seus organismos autónomos con carácter xenérico ou específico a favor de cesionario, rexístranse actualmente nas distintas Intervencións. Facilitaranse os trámites das cesións de crédito proporcionando un procedemento seguro -autenticación con certificado dixital e firma dixital- a través da Oficina Virtual do Preceptor.

Proporcionarase unha transacción web na que as persoas físicas e as xurídicas autenticadas con certificado dixital na oficina virtual de

preceptores da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia poidan dar alta, modifiquen ou cancelen as cesións de crédito rexistradas polas distintas Intervencións na aplicación Xumco2 de contabilidade da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos.

- Mantemento da conta bancaria preceptora de mandamentos de pago na oficina virtual

Actualmente o mantemento das contas bancarias asociadas a cada persoa física ou xurídica que se relacione coa Xunta de Galicia ou algún dos seus organismos autónomos realízase dende algunha das Intervención: Xeral, Delegada ou Territorial.

